CONCELLO DE CERCEDA
(A CORUÑA)

BANDO

EXPOSICIÓN PÚBLICA DO CENSO ELECTORAL

Faise saber, que en cumprimento da normativa electoral vixente (Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño e as súas modificacións) e de cara á convocatoria das **Eleccións a Cortes Xerais 2026** (data de votación 29/11/2026), están a disposición do público os seguintes censos electorais : CENSO ELECTORAL DE ESPAÑOIS RESIDENTES EN ESPAÑA (CER), CENSO ELECTORAL DE ESPAÑOIS RESIDENTES NO ESTRANXEIRO (CERA), así como a lista das MESAS ELECTORAIS, para a súa CONSULTA OU POSIBLE RECLAMACIÓN ADMINISTRATIVA (por parte das persoas interesadas), no prazo, lugar e horarios seguintes:

PRAZO DE EXPOSICIÓN:

Dende o día 12 de outubro ata o día 19 de outubro de 2026 (ambos inclusive).

HORARIO DE PRESENTACIÓN DE RECLAMACIÓNS:

Días laborais: de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas. Do 12 de outubro ata o día 19 de outubro de 2026 (ambos inclusive).

LUGAR DE CONSULTA:

Na oficina de Rexistro-Estatística, sita no andar baixo da casa do Concello, para facer a consulta por medios informáticos, dos datos electorais, esta deberá ser individual para cada persoa que solicita a consulta, previa identificación. O documento de identificación deberá ser algún dos que para o acto de votación indica o artigo 85.1 da Lei electoral: D.N.I., pasaporte ou permiso de conducir, no que apareza a fotografía da persoa titular.

O horario de consulta neste caso é de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres.
Ou chamando ós seguintes teléfonos:

> Oficina do Censo Electoral: 981 217 439, 900 343 232 (gratuíto).
> Concello de Cerceda: 981 685 001 (ext. 1), so desde o día 13 de outubro ata o día 19 de outubro de 2026 (ambos incluídos), en horario de 9:00 a 14:00 horas.

É importante que todas as persoas con dereito ao voto consulten a súa correcta inscrición dos seus datos nas listas electorais, en especial os que cumpriran recentemente os 18 anos, e os que cambiaran de domicilio ou residencia nos últimos meses.

Cerceda, 8 de outubro de 2026
O alcalde

Documento asinado dixitalmente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.cerceda.es
Documento firmado digitalmente, validar la firma con el código indicado en el margen en la https://sede.cerceda.es

FIRMADO POR Juan Manuel Rodríguez Garcia (FECHA: 08/10/2026 12:51:00)
Versión imprimible
CVD: nEDM7wU1QxoMOCSQMY5X Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cerceda.es/

CONCELLO DE CERCEDA
(A CORUÑA)

Juan Manuel Rodríguez García

FIRMADO POR Juan Manuel Rodríguez Garcia (FECHA: 08/10/2026 12:51:00)
Versión imprimible
CVD: nEDM7wU1QxoMOCSQMY5X Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cerceda.es/

Documento asinado dixitalmente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.cerceda.es
Documento firmado digitalmente, validar la firma con el código indicado en el margen en la https://sede.cerceda.es